

MOCIDADE GALEGA ERGUENDO O SEU FUTURO INDEPENDÊNCIA!

Neste 24 de julho, véspera do Dia da Pátria, todas e todos os jovens galegos conscientes vemo-nos na obriga de sair à rua para erguer a voz.

Conscientes de pertencermos a umha Galiza submetida, empobrecida, desmantelada social, cultural e territorialmente, sem soberania, na que dia a dia o Estado espanhol nega a nossa capacidade de decisom democrática para submeter-nos às suas políticas centralistas e anti-sociais.

Conscientes de fazermos parte dum povo golpeado por um sistema criminal que se lucra da exploraçom da maioria social, e que imposto na Galiza com o carimbo da marca Espanha, força à emigraçom a milhares de jovens galegas e galegos ou condena-nos a umha vida de miséria no nosso país. Um sistema capitalista que para perpetuar-se desmantela o território e pratica a exploliaçom massiva dos nossos recursos, com a total cumplicidade do governo galego, que nos deixa para o futuro umha terra empobrecida e contaminada.

Conscientes também de as jovens sermos vítimas dumha brutal ofensiva patriarcal que pretende anular os nossos direitos sexuais e reprodutivos, moldar os nossos corpos e perpetuar o nosso rol de nais e boas esposas, de jovens submetidas aos ditames do machismo.

Denunciamos umha realidade marcada polo 50% de desemprego juvenil, pola dependênci familiar e pola escandalosa cifra de 70 jovens que abandonam diariamente a Galiza vendo negado o direito a trabalhar na nossa terra; denunciamos a estafa e o terror das prácticas nom laborais e dos contratos de formaçom, da eventualidade laboral e o despedimento barato, da impossibilidade de estudar ante o desmantelamento da imprescindível educaçom pública.

Denunciamos um regime cruel e corruto, deslegitimado e apodrecido, incapacitado para garantir o benestar da maioria social e cuja principal funcçom passa por assegurar que se implementem as imposições neoliberais do triunvirato do terror: UE, FMI e BCE

Denunciamos também os ataques à nossa língua e à nossa cultura, que o Partido Popular continua exercendo com medidas como a contra-reforma educativa da LOMCE ou o decreto de plurilinguismo com o objetivo de excluir a nossa língua nas aulas e impor a inexistente uniformidade espanhola. Mas todas e todos sabemos que só se pode espanholizar o que nom é Espanha.

Denunciamos que homens engravatados e representantes do terrorismo Episcopal legislem sobre os corpos das mulheres, roubando-nos a nossa capacidade de decisom, negando-nos mesmo a soberania sobre o nosso próprio corpo.

Conscientes em definitiva, de sermos moças e moços cujo direito à vida digna na nossa terra é negado, erguemos a voz.

E erguemos a voz para denunciar o futuro de miséria que o Estado espanhol, o Patriarcado e o Capital tenhem planificado para nós, e que pretendem impor mesmo espalhando medo e castigos exemplares entre a juventude mais consciente e disposta a combater comprometidamente esta opressiva realidade. Denunciamos a criminalizaçom de ativistas sociais e militantes independentistas e rechaçamos as medidas de exceçom e diversas formas de tortura como a dispersom penitenciária a que o Estado espanhol, de mao do tribunal fascista da Audiênciia nacional espanhola submete às presas e presos políticos galegos.

Erguemos a voz para afirmar que nom nos resignamos, que nos auto-organizamos para avançar no processo de auto-determinaçom do nosso povo cara a umha República Galega, luitando ativamente para derrubar esta opressiva realidade. Podemos e devemos decidir umha Galiza feita por nós e para nós.

Podemos e devemos decidir umha Galiza feita por nós e para nós.

Por todo isto, hoje, as moças e moços da Galiza saímos à rua, erguendo a voz para afirmar num único, ilusionante e forte berro que sim, que queremos unha Galiza livre com pessoas livres, unha Galiza jovem e viva, umha Galiza rebelde e firme, umha Galiza solidária e internacionalista, em definitiva, umha Galiza independente, feminista e que rache com o sistema capitalista.

Neste 24 de julho, a mocidade galega reafirma a sua vontade de manter erguida a bandeira azul e branca guiada pola estrela vermelha, símbolo da nossa union em luta por um futuro livre.

Viva Galiza livre!
Independência!

MANIFESTAÇOM UNITÁRIA

24/7/13 - 20H

ALAMEDA DE COMPOSTELA



brixa



MOCIDADE GALEGA ERGUENDO O SEU FUTURO INDEPENDENCIA!

Neste 24 de xullo, véspera do Día da Patria, todas e todos os mozos galegos conscientes vémonos na obriga de saír á rúa para erguer a voz.

Conscientes de pertencermos a unha Galiza sometida, empobrecida, desmantelada social, cultural e territorialmente, sen soberanía, na que día a día o Estado español nega a nosa capacidade de decisión democrática para someternos ás súas políticas centralistas e antisociais.

Conscientes de facermos parte dun pobo golpeado por un sistema criminal que se lucra da explotación da maioría social, e que impostra na Galiza co selo da marca España, forza á emigración a milleiros de mozas galegas e gallegos ou condénanos a unha vida de miseria no noso país. Un sistema capitalista que para perpetuarse desmantela o territorio e practica a espoliación masiva dos nosos recursos, coa total complicidade do goberno galego, que nos deixa para o futuro unha terra empobrecida e contaminada.

Conscientes tamén de as mozas sermos vítimas dunha brutal ofensiva patriarcal que pretende anular os nosos dereitos sexuais e reprodutivos, moldear os nosos corpos e perpetuar o noso rol de nais e boas esposas, de mozas sometidas aos ditames do machismo.

Denunciamos unha realidade marcada polo 50% de desemprego xuvenil, pola dependencia familiar e pola escandalosa cifra de 70 mozas e mozos que abandonan diariamente a Galiza vendo negado o dereito a traballar na nosa terra; denunciamos a estafa e o terror das prácticas non laborais e dos contratos de formación, da eventualidade laboral e o despedimento barato, da imposibilidade de estudar ante o desmantelamento da imprescindible educación pública.

Denunciamos un réxime cruel e corrupto, deslexitimado e apodrecido, incapacitado para garantir o benestar da maioría social e cuxa principal función pasa por asegurar que se poñan en práctica as imposicións neoliberais do triunvirato do terror: UE, FMI e BCE

Denunciamos tamén os ataques á nosa lingua e á nosa cultura, que o Partido Popular continúa exercendo con medidas como a contra-reforma educativa da LOMCE ou o decreto de plurilingüismo co obxectivo de excluir a nosa lingua nas aulas e impor a inexistente uniformidade española. Mais todas e todos sabemos que só se pode españolizar o que non é España.

Denunciamos que homes engravatados e representantes do terrorismo Episcopal lexislen sobre os corpos das mulleres, roubándonos a nosa capacidade de decisión, negándonos mesmo a soberanía sobre o noso propio corpo.

Conscientes en definitiva, de sermos mozas e mozos cuxo dereito á vida digna na nosa terra é negado, erguemos a voz.

E erguemos a voz para denunciar o futuro de miseria que o Estado español, o Patriarcado e o Capital teñen planificado para nós, e que pretenden impostrar mesmo espallando medo e castigos exemplares entre a mocidade máis consciente e disposta a combater comprometidamente esta opresiva realidade. Denunciamos a criminalización de activistas sociais e militantes independentistas e rexeitamos as medidas de excepción e diversas formas de tortura como a dispersión penitenciaria a que o Estado español, de man do tribunal fascista da Audiencia nacional española somete ás presas e presos políticos galegos.

Erguemos a voz para afirmar que non nos resignamos, que nos auto-organizamos para avanzar no proceso de autodeterminación do noso pobo cara unha República Galega, loitando activamente para derrubar esta opresiva realidade. Podemos e debemos decidir unha Galiza feita por nós e para nós.

Por todo isto, hoxe, as mozas e mozos da Galiza saímos á rúa, erguendo a voz para afirmar nun único, ilusionante e forte berro que si, que queremos unha Galiza libre con persoas libres, unha Galiza moza e viva, unha Galiza rebelde e firme, unha Galiza solidaria e internacionalista, en definitiva, unha Galiza independente, feminista e que rache co sistema capitalista.

Neste 24 de xullo, a mocidade galega reafirma a súa vontade de manter erguida a bandeira azul e branca guiada pola estrela vermella, símbolo da nosa unión en loita por un futuro libre.

Viva Galiza ceibe!
Independencia!

MANIFESTACIÓN UNITARIA

24/7/13 - 20H ALAMEDA DE COMPOSTELA



brigas

